

LIMPANDO O CAMIÑO

Hoxe son eu o que me atopo neste monte, no Pico Sacro, pero conta a lenda que hai xa moitos anos gobernaba nestas terras unha intelixente e fermosa raíña, á que todos coñecían como Raíña Lupa. Foi daquela cando camiñaban por estas terras Teodoro e Atanasio, discípulos do apóstolo Santiago. O seu camiño comezara en Palestina e transportaban, guiados polas estrelas, o corpo do seu mestre. Mais o seu lento camiñar polas ladeiras do monte era vixiado pola ollada curiosa da Raíña Lupa. Pasaron algúns días antes de que aqueles homes petaran na porta do seu castelo. A muller, dende a torre máis alta, berroulles:

- Quen se atreve a molestar á dona e señora de cantas terras se poden albiscar dende aquí?, quen é o que priva dun repouso tranquilo á súa raíña?

O certo é que a muller xa sabía quen petara na súa porta, pero quería ver a reacción daqueles misteriosos homes; mais a resposta non foi a esperada:

- Señora vimos dende moi lonxe, dende as terras de Palestina, guiados polas estrelas para soterrar o corpo do apóstolo, só precisamos uns bois, algo de madeira para construir un carro e chegar por fin ao noso destino.

A raíña gardando para si un sorriso malvado respondeulle:

- Subide ata a cima deste precioso monte; ali, ao pasar por un estreito corredor de pedra, atoparedes os bois e ao lado da entrada dunha cova pequena e estreita gardo algunha madeira. Espero que cheguedes pronto ao voso destino.
- Grazas señora, estarémoslle sempre moi agradecidos pola súa axuda.

Os homes cargaron o corpo e encamiñáronse cara ao curuto do Pico.

A raiña, que non se fiaba de nada do que aqueles estraños viaxeiros lle contaran, púxolle unha proba. Os bois dos que lle falara a aqueles homes eran en realidade salvaxes touros mais, se eran quen dicían ser, debían de poder superar aquel obstáculo sen importancia, pensou a raiña. Cando os homes chegaron á cima do Pico xa era noite. Atravesaron o estreito paso que a señora mencionara e viron entre a escuridade uns corpulentos animais. Os homes pousaron o cadáver do apóstolo e achegáronse aos animais, que non tardaron moito en darse conta da súa presenza e arremeter contra eles. Entón ao ver entre a brétema a figura de Atanasio, de maneira milagreira os touros calmaron e os homes puideron achegarse e amarralos. Descenderon pola ladeira da montaña ata se atopar diante da cova na que debía estar a madeira para construír a carreta. A entrada da cova era tal e como describira a señora, porén alí non había madeira ningunha, no seu lugar apareceu a última das trampas que o monte máxico e a súa raiña lles prepararan, un xigantesco dragón de escamas avermelladas que non lles permitía seguir co seu camiño. Pero de novo de maneira milagreira unhas palabras de Teodoro fixeron estourar ao monstro, e viron entón a madeira que precisaban. Sen moito esforzo construíron o carro e amarraron os touros mansos. Cargaron o Corpo e encamiñáronse cara o seu destino guiados polas estrelas. Camiñaron pouco más de dez quilómetros porque alí, nun prado onde se vían claramente as

estrelas, soterraron ao apóstolo e bautizaron aquel lugar como "campus stellae" ou campo de estrelas. Tiveron que pasar moitos anos antes de que atoparan a tumba do apóstolo e construíran a famosa catedral de Santiago. Foi así como comezou a xente a recorrer o camiño de Santiago, ese mesmo que eu hoxe estou a facer. Mais xa me demorei demasiado ao contarvos esta historia. O certo é que morro coas ganas de chegar a Santiago, pero non podía deixar de comprobar se o que conta a lenda é certo; por iso subín ao Pico Sacro, crucei o estreito da raíña e achegueime ata a entrada da cova mais o dragón non se atopaba alí, no seu lugar había todo tipo de lixo, a cova convertérase nun vertedoiro. A caraxe comeume por dentro.

Como un lugar tan fermoso podía estar agora tan estragado?

Pousei a miña mochila como os discípulos pousaron o corpo do apóstolo, pero esta vez non foi para loitar cun mostro avermellado senón contra algo moi peor, as persoas, que moitas veces non nos damos conta das consecuencias dos nosos actos, e por iso no canto de depositar o lixo no lugar correcto, ciscámolo polo monte, estragando a memoria das lendas que, certas ou non, non deixan de ser máxicas. Collín unha bolsa que levaba na mochila e metín nela todo o lixo que puiden, fixen unhas cantas viaxes ao contedor e para que a ninguén máis se lle volvese ocorrer contaminar un lugar tan cheo de historia, quitei a camisa e escribín nela:

SE NON QUERES QUE VOLVA O DRAGÓN EVITA A CONTAMINACIÓN

Camiño agora entre as rúas de Santiago vendo con claridade as torres da catedral e desexando abrazar a figura do apóstolo. Así que xa sabedes, se algún día vedes unha camisa no medio do monte, ou quizais en calquera outro lugar significará que por alí pasei eu nunha das miñas viaxes a pé, pero sobre todo recordade que non é necesario facer o camiño de Santiago para contribuir no coidado da natureza porque o simple feito de recoller un papel e levalo ao lixo pode evitar que un temible dragón se achegue de noite ao voso cuarto.

RULIÑA